

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.3. Réxime e goberno interior

2.3.3. Estatuto dos deputados

2.3.3.1. Declaracións de bens e dereitos e de actividades

Acordo da Mesa do Parlamento, do 27 de setembro de 2021, en relación coas declaracións de bens e dereitos das deputadas que se citan, por cesamento na súa condición de tales

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 27 de setembro de 2021, adoptou o seguinte acordo:

— 22276. Declaración, por cesamento na condición de deputada, de bens e dereitos de dona Ethel María Vázquez Mourelle (11/DBEN-000185)

Tómase coñecemento e ordénase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no Portal de transparencia da Cámara.

— 22480. Declaración, por cesamento na condición de deputada, de bens e dereitos de dona Fabiola García Martínez (11/DBEN-000186)

Tómase coñecemento e ordénase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no Portal de transparencia da Cámara.

— 22491. Declaración, por cesamento na condición de deputada, de bens e dereitos de dona María Angeles Vázquez Mejuto (11/DBEN-000187)

Tómase coñecemento e ordénase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no Portal de transparencia da Cámara.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2021

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

RESOLUCIÓN do 29 de setembro de 2021, do tribunal designado para a realización de probas selectivas para ingresar por promoción interna en dúas prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, convocadas por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 10 de maio de 2021, pola que se fai pública a data, a hora e o lugar de realización da primeira parte do primeiro exercicio.

O tribunal nomeado por Resolución da Presidencia do 8 de setembro de 2021 (BOPG número 197, do 9 de setembro de 2021) para cualificar o proceso selectivo para ingresar por promoción interna



en dúas prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, convocadas por acordo da Mesa do Parlamento do 10 de maio de 2021 (BOPG número 139, do 14 de maio de 2021) acordou, de conformidade co disposto na base 6.1.1. que a primeira parte do primeiro exercicio terá lugar o mércores, 6 de outubro de 2021, ás 10.30 horas, na Sala Rosalía do Parlamento de Galicia.

As persoas aspirantes deberán ir provistas de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, e bolígrafo negro ou azul.

Non se permitirá o acceso á sala onde se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento do cal se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2021
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Presidente do tribunal

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na execución dos acordos da Mesa do Parlamento do día 7 de setembro de 2021

Advertido un erro material, na relación das iniciativas admitidas a trámite pola Mesa do Parlamento na reunión do 7 de setembro de 2021, procédese á súa corrección nos seguintes termos.

Procedementos de información Preguntas orais en Comisión

- 20642 (11/POC-003727)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 6 máis
Sobre o Plan de loita contra o tártago negro de patas amarelas (*Vespa velutina*)

Onde di:

«Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos»

Debe dicir:

«Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior»

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2021
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior

